

O VICENTE RISCO DOS VELLAS TEMPOS

(Francisco Fernández del Riego)

Vicente Risco labrou unha personalidade orixinal e baril no mundo da cultura. A obra que foi realizando ó longo da súa vida tivo sempre o latexo directo do tempo e das ideas que vivira cobizosamente. Podería dicirse, quizais, que as disciplinas históricas e mailas pedagóxicas, encamiñaron a súa vontade intelectual. Pero fóra do labor da pescuda e do ensaio figuran tamén no seu haber sensibles logros da creación literaria.

Peregrinou polas cosmogonías e polas culturas, e fixo a viaxe de circunvalación por todo o prohibido. Houbo quen o calificou así, como unha especie de espírito-antena, dotado para percibir e rexistra-lo matiz menos grávido das últimas novidades da súa época, científicas, filosóficas e artísticas.

As moitas dioptrías que velaban os seus ollos físicos, non mirraron a claridade dunha visión caletradora das esencias do mundo que o arrodaba; nin enneboaron tampouco o mirar cara a lonxanos horizontes. Desde os catro puntos cardinais da sensibilidade, chegaron á ánima do escritor múltiples impresións sutís. E, asimesmo, desde moitos puntos da rosa dos ventos, as correntes espirituais que foron arrequecendo o seu saber.

Chamábase e apelidábase Vicente Martínez-Risco e Agüero. Pero a xente coñecíao como Vicente Risco, que era a súa fama de escritor.

Naceu no 1884 en Ourense, no piso 1º da Rúa da Paz, antiga dos Zapateiros.

Os seus devanceiros procedían das terras de Castro Caldelas, onde asentaron a partir do XVIII. Alí, na vila, patrimonio un día dos Condes de Lemos, pasou longas horas da nenez; tamén na idade madura fecundas tempadas en contacto coa clara paisaxe. Contou a viaxe que facía varias veces ó ano. Desde Ourense a Castadón, por Cachamuíña, a Ponte dos Gozos e a recta de Derrasa. Despois Esgos. Deixando á esquerda San Pedro de Rocas, rubía ó Couso e baixaba logo a Niñodaguia.

A vista do Rodicio parecíalle inenarrable. Albiscaba ó lonxe, a lagoa de Limia, as torres de Sandiás eda Pena, e os montes da raia de Portugal. Vilariño Frío, a Ría de Leboreiro e o alto de Aguil. Desde alí xa ollaba ó Castro, a fortaleza coas torres e os seus cubos, e as casas ó pé. As súas vivencias reflexounas en escritos diversos.

Bacharel en Ourense. Dereito en Santiago, onde se licenciou no 1907. Despois mestre de ensino primario. Ingresou na Escola Superior do Maxisterio en Madrid. Cátedra de Historia e a súa Metodoloxía na Normal de Ourense. Do 1917 ó 1945 proxectou a súa docencia sobre sucesivas xeracións. Polos anos 30, grao de Filosofía en Santiago. Do 1945 ó 1950 explicou psicoloxía na Escola Normal de Madrid. Desde entón ó 1954, Filosofía novamente en Ourense.

Escribiu nos xornais desde moi novo. Dirixiu *La Centuria e Nós*, das que logo falaremos. Colaborou en numerosas publicacións. Tomou parte no renacemento espiritual galego do presente século, e no

movemento primeiro que se chamou *ultraista*. Viaxou por España e o estranxeiro. Especializouse, ante todo, en Etnoloxía e Historia. Cultivou as tradicións populares de Galicia e a mitoloxía. En literatura principalmente o ensaio e a chamada *crónica* periodística.

Como el mesmo dixo, era autodidacta, segundo se adoitaba na súa época. O que sabía de latín aprendérao el só, e os idiomas modernos con profesores particulares. Da universidade tirou algo da filosofía escolástica, da positivista certa idea de Shelling, de Hegel, de Schopenhauer, de socialismo utópico e de marxismo.

En materia histórica, orientouse na tertulia da Comisión de Monumentos de Ourense. En etnoloxía familiarizouse coas fontes portuguesas, principalmente con Leite de Vasconcelos; e máis tarde completou en Alemania a súa formación. En literatura formouse, de primeiras, no modernismo; despois no movemento saudosista de Teixeira de Pascoaes e Leonardo Coímbra; e ó cabo, asimilou o surrealismo.

Autodefiniuse como *homo infimae latinitatis*. Praciálle ó mesmo tempo o rústico e o exótico. Decía que podería ser feliz no campo, soñando coa lonxanía. Conmovíao, por unha banda a aldea, pero por outra necesitaba cousas da gran cidade. Afirmaba que buscara a tradición polos camiños máis novos, e que só a satisfacía interpretada desde mañá.

Inda que no fondo se consideraba anticientífico, interesáballe a bioloxía. Sentía moita satisfacción nas súas viaxes, e moi especialmente nas súas camiñadas a pé. (S. Andrés de Teixido). Sen se entregar de

cheo ós métodos surrealistas, moitos dos seus escritos –mesmo novelas– foron produto dunha especie de *escritura automática*.

Cando andaba pola trintena, o seu perfil de mozo dandi –gustador dos máis raros exotimos e das máis novidosas aventuras literarias– adquirira notable relevo no seu Ourense natal. Unha insaciable ansia de saber levouno desde a poesía lírica de Oriente, ata a *yrta* de teas de ouro do simbolismo francés. Huysmanns foi un dos seus autores amados. Moito antes de Spengler manitara en varios niveis a Decadencia de Occidente; e en reunións minoritarias deu a coñecer un verdadeiro adianto da idea spengleriana en *Las Tinieblas de Occidente*. Por outra parte, tocoulle vivir unha época dominada, con vulgar énfase, pola sona e edicacia de Spencer.

En Ourense envolvíao un ambiente de casino aínda decimonónico. Por aqueles anos da fama de Wells – que Risco maldecía– e da tiranía de Pardo Bazán, non paraba atención nesas literaturas. Era daquela cando andaba a peregrinar idades e continentes antes de se sentar, emocionado, ó pé do cruceiro para escoita-las falas dos longos camiños da aldea.

O seu noviciado consistiu na contemplación oriental, envolto en ritos calmos. Compraciálle a súa sona de *raro*, en momentos nos que tencionaba dominar moitas auténticas claves alén do Irán. Foi tamén por entón cando formou entre os adeptos da pequena igrexa de Roso de Luna, a *Revista neosófica* e cando estudiaba a Paracelso. Transfigurado en doutor budista correu en conversas e caricaturas polas tertulias galegas. Nese tempo era fonda, asimesmo, a súa dedicación a Tagore.

Sobre o poeta indú e os seus liños, silencios e parábolas, explicou no Ateneo de Madrid unha sonada conferencia, lendo, á vez, as súas primeiras versións ó castelán de poeta bengalí.

Ademais destas aficións orientais, uniuse ó *ultraismo* e colaborou nas súas revistas. Lanzou un audaz *Preludio a toda estética futura* reflexo da súa rebeldía antiacademicista. Nel coincidía con Edison no refugo á *Venus do Milo*, e afirmaba orgullosamente a súa decidida crenza en bruxas. Foi pola ano 1917 cando fundou *La Centuria*, revista neosófica á que antes nos referimos. No artigo-programa da publicación, anunciaba, entre outras cousas, que tencionaba crebar o ritmo intelectual das ideas. Desde a estética á astroloxía, pasando polas máis insólitas vertentes do saber, todo tiña cabida nas súas páxinas. E nelas apareceron tratados ou traducidos, escritores de fala inglesa ou francesa, como Chesterton, Poe, Mallarmé e Rimbaud.

Na época de *La Centuria*, da tertulia arredor do braseiro da Comisión de Monumentos de Ourense e do maxisterio de Don Marcelo Macías, Risco era un inadaptado. Como outros homes da súa xeración arrastraba o turrieburnismo finisecular e exquisito, que empalmou despois cos movementos de vangarda. Tratábase dunha etapa esteticista, antisocial, caracterizada polo exotismo do que antes falamos: poesía de Tagore, relixións e poesías malditas da India, poetas decadentes,...

O propio Risco calificou esta súa primeira etapa de “antisocial, antigregaria, individualista e introvertida” no seu clarexado ensaio *Nós os inadaptados*. Tamén Otero na novela *Arredor de si* e Cuevillas en *Do*

noso tempo. Todos tres arrastraban a decadencia finisecular, a independencia e o luxo do eu, o cosmopolitismo cultural. Todo o práctico e o político, o dogmático e o académico, o que implica un compromiso de orde social ou artística, era refugado co alcume de *filisteísmo*. Considerábanse a contrapelo, a contracorrente, *a rebours* – como os heroes de Huysmanns- do seu tempo. Inadaptados, segundo dixemos, ou como o mesmo Risco indicou: inimigos da realidade cotiá, fuxitivos do medio. E daquí a coincidencia da arte como evasión.

Pero a partir dos anos vinte, Risco e os seus amigos encetaron unha nova etapa, cunha reacción violenta, caracterizada polo asalto no campo de acción galega, de compromiso. Ningún documento mellor da acción e da obra deste momento que a revista *Nós*, aparecida en Ourense o 20 de outubro de 1920.

Dirixiuna literariamente Risco, e artisticamente Castelao. Risco dirixía a acción social e máis o cultivo da orixinalidade específica de Galicia. A nova actitude entendíaa como resultado inevitable do precedente do culto barresiano do eu, que tiña como soporte unha moral de soberbios.

Desde entón, a andadura intelectual do escritor decorreu, naturalmente por novos rumbos. O insatisfeito e descontento, o introvertido, sentiríase desilusionado de tantos esteris percorridos. En consecuencia, abandonou a súa torre de almafí para se atopar a si mesmo na identificación coa alma do propio país. Nas páxinas da revista *Nós* foi deixando así –como tamén nas de *A nosa terra*- unha

amosa abondosa do seu singular talento. Entre outros moitos poderían significarse de interés notable, os seus ensaios sobre o celtismo.

Mirando de cara ás orixes, entendía que Galicia era a terra máis vella da península, pois que ora a primeira que emerxeu do Océano Siluriano. Acreditou tamén un identificante amor coa paisaxe galega, camiños que transitou en demoradas paisaxes a pé. Considerábaa como alfaia do pasado e do presente, e como crisol de esperanza. En certo xeito, a paisaxe viña ser para el como o fundamento da Galicia ideal.

Por eses días deixaba a súa residencia da Praza do Ferro, para se establecer na Rúa de Santo Domingo. Ese piso, centro de interesantes tertulias. Deles saíron traballos que os tres guieiros do grupo se adjudicaron: Otero xeografía, Cuevillas prehistoria e Risco etnografía. Iniciáronse e formáronse alí novos etnógrafos, arqueólogos e historiadores.

Comenzo dunha serie de labores de trascendencia. Non só polo que contribuíron á fomación de futuros investigadores. Tamén grande cantidade de materiais recollidos en excursións. Catalogáronse igrexas, recolléronse papeletas de folclore e etnografía, rexistráronse castros e deseñáronse moitos detalles interesantes para a historia da nosa cultura.

Era cenáculo campo vivo de alento, de maxisterio xeneroso de dedicación e traballo, de apertura de rumbos intelectuais. Ensino sen énfase docente. Por alí desfilaron unha chea de figuras relevantes de dentro e de fóra do país. E alí preparáronse as xeirais estivais do *Seminario de Estudos Galegos*.

Na habitación na que Risco traballaba sentábanse, arredor da camilla, os redactores de *Nós*. Risco contou as visitas de intelectuais que viñan de fóra, entre elas as de Schulten, profesor da Universidade de Erlangen, evocador de Numancia e de Tartessos.

Risco deseñou a Galicia como escritor singular, analizouna como etnólogo e interpretouna como intelectual. Foi historiador e introductor entre nós dunha rigurosa metodoloxía científica. Foi etnólogo e paciente analizador das tradicións populares do noroeste. Polo seu labor de folclorista puidose coñecer a vida material e tradicional do noso pobo. Esculcou no peculiar vencello do home galego coa súa paisaxe, e caracterizouse como teórico do movemento político cultural que tencionou alumar e fomenta-la orixinalidade específica do país.

Escribiu unha chea de artigos sobre temas diversos. Distinguiuse pola universal curiosidade antropolóxica, carácter didáctico dos seus escritos, capacidade ideolóxica e sensibilidade artística. Como ensaista, polo estilo funcional de notable eficacia. Ascetismo mental, lonxe da retórica, estilo inconfundible. Pensador intelixente, durante anos, máximo definidor de todo movemento cultural galego.

Como investidor e ensaista: *Monografía O Castro de Caldelas*, *Etnografía de Melide*, *Ensaio sobre Murguía e Vicetto*, libros *Mitteleuropa*, *Teoría do nacionalismo galego*. Teatro: *O bufón d'El Rei*. Narrativa: *O caso que lle aconteceu ó Dr. Alveiros*, *Os europeos en Abrantes*, *O lobo da xente*, *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*, *A coutada*, *O porco de pé*.

Como Murguía, foi para Galicia patrón espiritual. Deulle o método e a disciplina etnográfica, polo valor humano do seu labor. Consellos desinteresados. Guía dos investigadores noveles, alentando vocacións e proporcionando materiais. Sentíndose sempre máis amigo ca mestre.

Nas súas novelas, ou esquemas de novelas, reflexa visión e inquietude do ensaista político, coas súas loitas, os seus métodos de polémica, e os hábitos de investigador da cultura popular. Practicamente a novela ven ser en Risco unha forma, un momento da súa obra xeral de ensaista. Mesmo por iso, algúns dos seus ensaios suxiren a idea de sementes de novela.

Os europeos en Abrantes e *O proco de pé* desenrolan críticas, envoltas en humorismo, dunha situación contraria –e imposta parasitariamente– sobre a auténtica Galicia. Na primeira, aplícase o humor, con lente detallista, e un equipo de intelectuais empeñados de boa fe en organizar un vivir metódico, conforme a sistemática extendida dun tempo en Europa. Ó autor amolábao o descoñecemento a priori das condicións e excelencias galegas, brindadas a aquel grupo de teorizantes. Sabía ben o Risco o poder suxestivo das fórmulas destiladas para satisfacer o modesto orgullo de vexetarianos, naturistas e esperantistas, ó se crer donos das claves do ser e do devir.

O problema de *A coutada* é moi outro. Expresou nela o seu amor e entrega á terra nai: a transfigurada polo amor e a dor en intimidade raras veces acadada na lingua galega. A trama, sinxelísima, desenvólvese nun diálogo entre marido e muller. Como en *O vello e o mar* de Hemingway, a trama, insignificante, abrangue ó ámbito de lonxe

os factores da traxedia. A muller é quen decide, pois é máis terra, máis símbolo de salvación.

Como táctica de ataque, empregou máis sátira que humor en *O porco de pé*. A novela conserva un valor que poderíamos chamar informativo. Combátese nela –con xusto coñecemento dosm círculos sociais dunha cidade galega- a primacía vulgarota de xentes enriquecidas no comercio. E, o compás da súa ascensión económica, mais estraños á terra á que chegaran, cautos e cobizosos, os seus pais polos vellos camiños da arrieiría.

Foi, por unha banda, un pensador político, que elaborou aló polo 1920 a súa *Teoría do nacionalismo galego*. Despois, moitos artigos, publicados en diferentes xornais e revistas. E, principalmente, o libro en castelán *El problema político de Galicia*. Todos estes textos completaron ou perfilaron o seu ideario nacionalista. Durante unha chea de tempo a política dominou como vocación a aquel home de aspecto feble, de intelectual delicado de estufa.

Como dixemos, no ensaio atinxiu o máis alto cume da súa obra literaria. Os problemas do dominio da terra, a lexitimidade de aceptados pintoresquismos, os programas escolares, a salvación de postulados esenciais, ocuparon o seu tempo. Loitou contra a rutineria crítica de frases feitas ee a baixa estimanza do galego. En troques do neboento sentir, estruturou as notas rexas e flexibles da teoría.

Da valoración das normas da vida nutriuse o programa político por el trazado. A esquecida capacidade da lingua manifestouse nos seus escritos potente e eficaz. O pensador entregado ó feitizo do intelectual,

tivo que manexar con agudeza e oportunismo os factores que xulgaba inherentes ós graos elementais do ser. Ocupouse da política municipal, o namorado do trascendente. E fixo cuestionarios de escola, o estudioso de Vico e de Hegel sobre o suceder das culturas.

Nos anos que van do do 36 ós 50, o escritor desentendeuse dos problemas que nortearon a súa vida. Reintegrouse despois –animado por min- ós vellos camiños, aínda que dubitativo e sen folgos. Publicou daquela *Leria*. Figuran no libro traballos firmados desde 1920 ó 1955. Trátase de textos máis ou menos filosóficos, críticos e literarios. Nas súas páxinas presentou unha escolma do que consideraba o máis representativo do seu labor de moitos anos. Aparecen condensados aquí, os seus gustos, as súas conviccións, as súas verdades ou as súas dúbidas. Todo isto que correra o risco de se perder na levedade das follas do xornal ou da revista, quedou apresado no canón clásico do libro. A escolla de ensaios e de prosas literarias, respondía á curiosidade vital e cultural do seu autor.

Quizais ningún título podería cadrarlle mellor ó volume que o de *Leria*, axeitadamente escollido polo autor. Plática ou charla, ou motivo de conversa –de ton intelectual- é o que son estas páxinas. Algunhas fráxiles na aparencia, pero sólidas de significado. Feitos, prosas, sentires, traballos de creación ou de ideas, danlle ó libro unha vida de seu de interesante nervadura.

Se repasamos a obra do Risco revélasenos o que foi, de primeiras, un pensador, un ideólogo, e fundamentalmente un escritor didáctico.

Para el, escribir era expresar ideas. E para esa expresión valeuse dunha prosa moi característica, desprovista, en xeral, de énfase e solemnidade.

Nun traballo que publicou no ano 1935 en *Seara Nova*, có título de *Pra autocrítica dunha xeración* voplveu sobre o tema de *Nós os inadaptados*. Refírese nel ó feito de que lendo a Berdaieff fixérase no seu ánimo unha migalla de luz, un lóstrego súpeto. No concepto que iste lle daba ó humanismo en *Un nouveau moyen age*, áchase unha das claves do asunto.

Era o momento no que Risco atopaba a Galicia. Galicia colleu as proporcións do mundo enteiro, con tódalas cambiantes e tódolos misterios e tódalas significacións e tódolos símbolos. E aquí estaba a nova Idade Media, á que podíamos traer tódolos vellos ensoños da fin do século, que os máis conservamos, e para os máis felice aquí estaba a alma tamén: gardábaa inmorrente na súa fe tradicional e luminosa o noso pobo enxebre, acesa como a estrela riba da cova de Santiago Zebedeu que nos trouxo a Verdade.

A ampla produción que lle debemos a Risco perdurará na historia da cultura galega. Nela reflexouse unha voz orientadora e unha opresión asentada na concreción e na síntese dunhas fundamentais. Por outra banda, a axilidade, a fluencia, o manexo intelixente da lingua galega, atinxiron no escritor valemto eficiente. Os seus libros, os seus ensaios, os seus artigos na nosa fala, constituen unha das aportacións máis interesantes ó proceso cultural da Galicia contemporánea.

Grande suscitador de temas, desvelador de concepcións caducas, Risco actualizou agudas interpretacións que gozan aínda de prestixio intelectual e galego.

